

# **DEPARTAMENTO DE MÚSICA**

*ADAPTACIÓN DA*

*PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.*

*CURSO 19/20*

*(3º trimestre)*

**I.E.S. PINO MANSO**

**DATA 8 - 5 - 2020**

## ÍNDICE

### MÚSICA 2º e 3º ESO

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaluación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre.

### MÚSICA 4º ESO

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaluación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre

### LINGUAXE E PRÁCTICA INSTRUMENTAL 1º BACH

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaluación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre

### INVESTIGACIÓN E TRATAMENTO DA INFORMACIÓN 1º ESO

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaluación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre

### IDENTIDADE DIXITAL 2º ESO

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaluación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre

### INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

# MÚSICA 2º - 3º ESO

## 1. Estándares de aprendizaxe

%	2º ESO ESTÁNDARES	1º TRIM	2º TRIM	3º TRIM	%
45%	MUB1.1.2. Recoñece e aplica os ritmos e os compases a través da lectura ou audición de pequenas obras ou fragmentos musicais.		X		
	MUB1.1.3. Identifica e transcribe ditados de patróns rítmicos e melódicos con formulacións sinxelas en estruturas binarias, ternarias e cuaternarias.		X		
	MUB3.3.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego.	X	X		
	MUB1.4.4. Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel.	X	X		
	MUB1.6.1. Practica, interpreta e memoriza pezas vogais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel.	X	X		
	MUB1.6.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego	X	X		
	MUB1.2.1. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).	X	X	X	10%
45%	MUB2.1.1. Diferencia as sonoridades dos instrumentos da orquestra, así como a súa forma e os diferentes tipos de voces.			X	70%
	MUB1.1.1. Recoñece as cualidades do son e os elementos básicos da linguaxe musical empregando	X	X	X	

	una linguaxe técnica axeitada.				10%
	MUB 2.4.1. Describe os elementos das obras musicais propostas.	X	X	X	
	MUB2.4.3. Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de forma oral e escrita, con rigor e claridade.	X	X	X	
	MUB3.4.1. Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais	X	X	X	
	MUB3.4.2. Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade.	X	X	X	
	MUB 2.2.1. Sigue partituras como apoio á audición.	X	X		
10%	MUB1.4.1. Aмосa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e as normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos.	X	X	X	10%
	MUB1.5.2. Aмосa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades, e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras.	X	X	X	
	MUB1.6.3. Aмосa apertura e respecto hacia ás propostas do profesorado e dos compañeiros e as compañeiras.	X	X		
	MUB1.6.4. Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao director e a outros intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo.	X	X		
	MUB1.6.5. Participa activamente en agrupacións vogais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa.	X	X		
	MUB2.3.1. Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición.	X	X		
	MUB2.5.1. Toma conciencia da contribución da música á calidade da experiencia humana, amosando unha actitude crítica ante o consumo	X	X		

	indiscriminado de música				
	MUB3.3.1. Valora e respecta a importancia do patrimonio musical español e galego	X	X		
	MUB3.5.2. Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias.	X	X		

%	3º ESO ESTÁNDARES	1º TRIM	2º TRIM	3º TRIM	%
45%	MUB1.4.4. Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel.	X	X		
	MUB1.5.1. Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas.	X			
	MUB1.6.1. Practica, crea, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel.	X	X		
	MUB3.3.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego.	X	X		
	MUB 1.1.2. Recoñece e aplica os ritmos e os compases a través da lectura ou audición de pequenas obras ou fragmentos musicais.	X	X	X	60%
	MUB1.2.1. Recoñece e comprende tipos de textura	X	X	X	
	MUB1.3.1. Comprende e identifica os conceptos e os termos básicos relacionados cos procedementos compositivos e os tipos formais.	X	X	X	
45%	MUB2.4.1. Describe os elementos das obras musicais propostas.	X	X	X	
	MUB2.4.2. Recoñece e sabe situar no espazo e no tempo músicas de diferentes culturas e épocas	X	X	X	

históricas.				
MUB 2.5.1. Describe de xeito pormenorizado os diferentes elementos das obras musicais propostas usando distintas linguaxes.	X	X	X	
MUB3.1.1. Expresa contidos musicais e relacións con épocas da historia de música e con outras disciplinas.	X	X	X	
MUB3.4.1. Distingue e sitúa temporalmente as épocas da historia da música e as tendencias musicais.	X	X	X	
MUB1.1.1. Recoñece as cualidades do son e os elementos básicos da linguaxe musical empregando una linguaxe técnica axeitada.	X	X	X	30%
MUB 2.1.3. explora e descubre as posibilidades da voz e os instrumentos, e a súa evolución ao longo da historia da música.	X	X	X	
MUB2.2.1. Le e analiza partituras como apoio á audición.	X	X	X	
MUB 2.5.3. Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade.	X	X	X	
MUB3.1.3. Distingue e explica as diversas funcións que cumpre a música na sociedade ao longo ha historia.	X	X	X	
MUB3.3.1. Relaciona as cuestións técnicas aprendidas vinculándoas ás épocas da historia da música correspondentes.	X	X	X	
MUB3.4.2. Examina e explica con criterio musical a relación entre os acontecementos históricos, o desenvolvemento tecnolóxico e a música na sociedade.	X	X	X	
MUB3.5.1. Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais.	X	X	X	
MUB 3.5.2. Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade.	X	X	X	

	MUB4.2.1. Utiliza con autonomía as fontes e os precedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical.	X			
10%	MUB1.4.1. Aмоса interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e as normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos.	X	X		
	MUB1.5.2. Aмоса unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades, e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras.	X	X	X	10%
	MUB1.6.3. Aмоса apertura e respecto hacia ás propostas do profesorado e dos compañeiros e as compañeiras.	X	X		
	MUB1.6.4. Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao director e a outros intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo.	X	X		
	MUB1.6.5. Participa activamente en agrupacións vogais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa.	X	X		
	MUB 2.3.1. Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición.	X	X		
	MUB 2.4.1. Aмоса interese por coñecer músicas doutras épocas e culturas, comparando e contrastando as novas músicas coñecidas.	X	X		
	MUB2.5.1. Toma conciencia da contribución da música á calidade da experiencia humana, amosando unha actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música				
	MUB3.2.1. Aмоса interese por coñecer os xéneros musicais e as súas funcións expresivas, gozando deles como oínte con capacidade selectiva.	X	X		
	MUB3.3.1. Valora e respecta a importancia do patrimonio musical español e galego	X	X		

	MUB3.5.2. Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias.	X	X		

## 2. Criterios de avaliación e cualificación

As porcentaxes da táboa débense entender por trimestres, isto é, cada trimestre suma o 100% nos estándares traballados. No terceiro trimestre o peso de cada estándar foi modificado, ao desaparecer unha parte deles ao non ser posible traballalos via virtual.

Así mesmo, o peso dos trimestres non é o mesmo, quedando o terceiro coa metade de peso que os dous primeiros. As recuperacións da 1ª e 2ª avaliación tamén se farán via virtual ata onde sexa posible. Ademais, haberá que ter en conta os casos de alumnos que tiveron problemas para acceder á aula virtual, que serán cualificados coas dúas primeiras avaliacións.

En relación á proba extraordinaria de setiembre, teremos en conta soamente os estándares da 1ª e 2ª avaliación.

## 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre.

O seguimento da materia realizarase durante o 3º trimestre a través da rede Edixgal en 2º ESO e a rede Moodle do centro en 3ª ESO. Non é unha situación nova dado que o alumnado xa accedía noutras materias. Teñen unhas propostas de traballo proporcionadas á carga horaria da súa materia.

Contarán cun lugar de entrega dos traballos (no caso excepcional do alumnado que non poda acceder por falta de conectividade na casa, as tarefas poderanse enviar por email cun prazo de entrega mais amplo. O centro, en colaboración co concello facilitou á unha parte deste alumnado algúns netbooks con conexión á Internet) e un foro onde poder comentar ás súas dúbidas. Da mesma maneira, existe a posibilidade de utilizar o servizo de mensaxería da aula para contactar coa profesora.

En canto ás actividades, algunhas son de reforzo e repaso, outras de recuperación e unha parte, de ampliación. A corrección aparecerá na aula tan pronto se peche o prazo de entrega.



# MÚSICA 4º ESO

## 1. Estándares de aprendizaxe imprescindibles.

ESTÁNDARES	PORCENTAXE NAS AVALIACIÓNS		
	1ª avaliación	2ª avaliación	3ª avaliación
Aplica as habilidades técnicas necesarias nas actividades de interpretación, colabora co grupo e respecta as regras fixadas para lograr un resultado acorde coas súas propias posibilidades	20%	10 %	5 %
Le partituras como apoio á interpretación.	5 %	-	-
Interpreta e memoriza un repertorio variado de cancións, pezas instrumentais e danzas cun nivel de complexidade en aumento.	25%	30 %	5 %
Coñece e utiliza axeitadamente técnicas, recursos e procedementos compositivos para elaborar arranxos musicais, improvisar e compor música.	1 %	-	1 %
Le e analiza partituras como apoio á audición.	1 %	-	-
Utiliza con autonomía recursos informáticos ao servizo da creación musical	5 %	-	5 %
Coñece e analiza o proceso seguido en diversas producións musicais (discos, programas de radio e televisión, cine, etc.) e o papel xogado en cada fase do proceso polos/as profesionais que interveñen.	-	1%	5 %
Manexa as técnicas básicas necesarias para a elaboración dun produto audiovisual.	-	1%	5 %
Selecciona e utiliza recursos tecnolóxicos para diferentes	1%	1 %	1 %

aplicacións musicais.			
Sabe procurar e seleccionar fragmentos musicais axeitados para sonorizar secuencias de imaxes.	-	-	17%
Sonoriza imaxes fixas e en movemento mediante a selección de músicas preexistentes ou a creación de bandas sonoras orixinais.	-	-	17 %
Analiza e comenta as obras musicais propostas, axudándose de diversas fontes documentais.	-	5 %	-
Analiza críticas musicais e utiliza un vocabulario axeitado para a elaboración de críticas orais e escritas sobre a música escoitada.	2%	2 %	ELIMINADA
Utiliza con rigor un vocabulario axeitado para describir a música.	2 %	2 %	ELIMINADA
Recoñece e compara os trazos distintivos de obras musicais, e descríbese utilizando unha terminoloxía axeitada.	1 %	-	-
Sitúa a obra musical nas coordenadas de espazo e tempo.	5 %	-	
Amosa unha actitude crítica ante o papel dos medios de comunicación na difusión e na promoción da música.	-	1%	-
Coñece e explica o papel da música en situacións e contextos diversos: actos da vida cotiá, espectáculos, medios de comunicación, etc.	-	5 %	-
Coñece as testemuñas máis importantes do patrimonio musical español e galego, e sitúaos no seu contexto histórico e social.	-	ELIMINADA	-
Analiza a través da audición músicas de distintos lugares do mundo e identifica as súas características fundamentais.	-	1 %	5 %
Recoñece e explica as características básicas da música española e da música popular urbana.	-	10 %	ELIMINADA

Elabora traballos de investigación nos que establece sinerxías entre a música e outras manifestacións artísticas.	-	5 %	-
Realiza traballos e exposicións ao resto do grupo sobre a evolución da música popular.	-	ELIMINADA	-
Utiliza os recursos das novas tecnoloxías para expor os contidos de maneira clara.	-	1 %	-
Comprende a transformación de valores, hábitos, consumo e gusto musical como consecuencia dos avances tecnolóxicos.	1 %	1 %	-
Utiliza con autonomía as fontes de información e os procedementos apropiados para indagar e elaborar traballos relacionados coa función da música nos medios de comunicación.	-	5 %	-
Coñece e consulta fontes de información impresa ou dixital para resolver dúbidas e para avanzar na aprendizaxe autónoma.	15 %	10 %	-
Utiliza a información de xeito crítico, obtena de distintos medios e pode utilizala e transmitila utilizando distintos soportes.	-	1 %	8%
Coñece e cumpre as normas establecidas para realizar as actividades da aula.	15 %	10 %	ELIMINADA
Amosa interese, respecto e curiosidade pola diversidade de propostas musicais, así como polos gustos musicais doutras persoas.	2 %	1 %	ELIMINADA
Amosa interese por coñecer o patrimonio musical español e galego.	1 %	1 %	ELIMINADA
Amosa interese por coñecer as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías como ferramentas para a actividade musical.	3 %	1 %	15 %

## **2.Criterios de avaliación e cualificación**

A cualificación final terá en conta principalmente os resultados da 1ª e 2ª avaliación; a 3ª avaliación terá unha cualificación orientativa acorde aos estándares de aprendizaxe imprescindibles, cuxo peso redistribuímos por mor da situación excepcional na que atopámonos a partir do 16 de marzo. Mantense aqueles estándares imprescindibles que puideron abordarse neste período e non tiveron cabida nas anteriores avaliacións. A cualificación da 3ª terá certa incidencia na nota final (cualificación entre 5-6, subiría 0,5 na nota final, entre 6,5-7,5 , un punto e entre 8-10, dous puntos) soamente nos casos nos que non prexudique ao alumnado que tivo problemas para acceder ao aula virtual durante o derradeiro trimestre.

De cara á proba extraordinaria de setembro, teremos en conta soamente os estándares da 1ª e 2ª avaliación para elaborar dous traballos- escrito e de creación musical- que o alumnado deberá presentar nesas datas( se fora posible, de forma presencial o día marcado pola convocatoria do centro e se non, mediante correo electrónico ou a aula virtual) para obter unha valoración positiva na materia e manteremos a cualificación obtida na 3ª avaliación sempre que sexa positiva.

## **3.Metodoloxía e actividades do 3º trimestre.**

O seguimento da materia realizarase durante o 3º trimestre a través da aula Moodle do centro. Non é unha situación nova dado que o alumnado xa accedeu ao principio de curso. Cada semana, terán unha proposta de traballo para os tres días correspondentes ás clases presenciais. En caso das actividades que leven máis tempo, a exigencia cos tempos será máis relaxada.

Contarán cun lugar de entrega das creacións( no caso excepcional do alumnado que non poda acceder por falta de conectividade na casa, as tarefas poderanse enviar por email cun prazo de entrega mais amplo. O centro, en colaboración co concello facilitou á unha parte deste alumnado algúns netbooks con conexión á Internet) e un foro onde poder comentar ás súas dúbidas. Da mesma maneira, existe a posibilidade de utilizar o servizo de mensaxería da aula para conectar coa profesora.

En canto ás actividades, algunhas son de reforzo e repaso, outras de recuperación e unha parte, de ampliación. Valorarase cada unha cunha rúbrica que poden consultar desde o momento no que aparecen as instrucións da tarefa. Tamén pedirase ao alumnado unha actividade de autoavaliación no foro, valorando o seu traballo e os problemas que puideron ter durante este trimestre.

Neste curso, soamente hai un alumno coa materia pendente de 3º ESO. Estableceuse un punto de entrega dunha tarefa pola aula virtual do centro, unha vez informado o alumno a través da titora en primeiro lugar, e mediante o seu correo electrónico despois. Tamén se contempla a realización dun test online unha vez realizada a entrega. Da mesma forma, o alumnado que tivera pendente a recuperación da 2ª avaliación- a da 1ª realizouse xa nos derradeiros días do primeiro trimestre- ten un lugar específico na aula moodle para realizarla. Neste caso trataríase dun pequeno test sobre os contidos mínimos vistos ao inicio da 2ª avaliación e a entrega dunha grabación que tamén conta para a 3ª avaliación.

No caso de concurrir en setembro se fora posible, a proba sería sobre os contidos previstos de forma presencial no día marcado pola convocatoria do centro e se non, mediante correo electrónico ou a aula virtual.

# LINGUAXE E PRÁCTICA MUSICAL

## 1º BACH

### 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Con (E) figuran os estándares eliminados ben porque non é posible abordalos, ben porque xa foron tratados suficientemente durante a 1ª e a 2ª avaliación:

- Coñece os órganos e as funcións do aparello fonador.
- Realiza exercicios de respiración, relaxación, articulación, fraseo, etc., e valóraos como elementos imprescindibles para a adquisición da técnica vocal(E)
- Aplica a técnica vocal para cantar entoadada e afinadamente, aplicando as indicacións expresivas e dinámicas presentes na partitura( E)
- Interpreta instrumentalmente ou vocalmente, con total precisión dentro dun tempo establecido, estruturas rítmicas adecuadas a este nivel dunha obra ou un fragmento, sentindo internamente o pulso e aplicando, se procede, as equivalencias nos cambios de compás.
- Practica a lectura e a escritura musical, recoñecendo a súa importancia para afondar na aprendizaxe da linguaxe musical.
- Executa con independencia estruturas rítmicas simultáneas, utilizando e desenvolvendo a disociación auditiva e motriz.
- Percibe aspectos rítmicos, melódicos, tonais, modais, cadenciais, formais, tímbricos etc.(E)
- Percibe o pulso como referencia básica para a execución rítmica, así como a identificación do acento periódico base do compás, e logra unha correcta interiorización do pulso que lle permite posteriormente unha axeitada execución individual ou colectiva
- Describe as características das obras escoitadas, utilizando a terminoloxía axeitada.
- Escoita e recoñece os elementos básicos das linguaxes propias da música culta, jazz, rock e flamenco, así como os máis importantes da linguaxe musical contemporánea.
- Recoñece elementos básicos harmónicos e formais(E)
- Identifica e interpreta os termos e signos relacionados co ritmo e coa expresión musical.
- Aplica correctamente a terminoloxía propia da teoría musical.
- Utiliza a lectura e a escritura musical como apoio á audición.
- Practica variantes de fórmulas rítmicas coñecidas e improvísas libremente, acordándoas co pulso e o compás do fragmento escoitado(Incorporada)
- Mantén unha actitude positiva ante a música e os compañeiros

- Coñece o repertorio traballado e ten capacidade de memorización, sensibilidade musical e capacidade expresiva
- Aplica a técnica vocal para cantar entoadamente e afinadamente nas actividades de interpretación.
- Utiliza os instrumentos da aula cunha técnica correcta(E)
- Mantén unha actitude positiva para integrarse como un membro máis no grupo.
- Crea unha pequena obra musical utilizando os coñecementos musicais adquiridos.
- Constrúe a través do movemento unha creación coreográfica adecuando a súa concepción ao carácter expresivo da obra.
- Compórtase de maneira correcta como espectador/a e como intérprete na realización de actividades musicais desenvolvidas en diferentes contextos.(E)
- Practica as técnicas necesarias para controlar o medo escénico(E)
- Utiliza de forma autónoma os recursos tecnolóxicos como ferramentas para a audición, a interpretación, a creación, a edición, a gravación, a investigación e a aprendizaxe do feito musical.
- Utiliza correctamente editores de partituras, secuenciadores, MIDI e software para aplicacións audiovisuais.

## **2. Criterios de avaliación e cualificación.**

A cualificación final terá en conta principalmente os resultados da 1ª e 2ª avaliación; a 3ª avaliación terá unha cualificación orientativa acorde aos estándares de aprendizaxe imprescindibles, cuxo peso redistribuímos por mor da situación excepcional na que atopámonos a partir do 16 de marzo. Mantense aqueles estándares imprescindibles que puideron abordarse neste período e non tiveron cabida nas anteriores avaliacións. A cualificación da 3ª terá certa incidencia na nota final (cualificación entre 5-6, subiría 0,5 na nota final, entre 6,5-7,5 , un punto e entre 8-10, dous puntos) soamente nos casos nos que non prexudique ao alumnado que tivo problemas para acceder ao aula virtual durante o derradeiro trimestre.

## **3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre**

O seguimento da materia realizarase durante o 3º trimestre a través da aula Moodle do centro. Cada unha ou dúas semanas, terán unha proposta de traballo para realizar nos tres días correspondentes ás clases presenciais onde indícase que deben facer, como vai cualificarse a entrega e os prazos. Contarán cun lugar de entrega das creacións musicais e escritas( todo o alumnado deste

grupo ten acceso ao aula) e un foro onde poder comentar ás súas dúbidas. Da mesma maneira, existe a posibilidade de utilizar o servizo de mensaxería da aula e unha conta gmail para conectar coa profesora. Cada quincena aproximadamente, citase ao alumnado na web de videoconferencias Cisco Webex para solucionar as súas dúbidas e plantear algunhas actividades novas.

En canto ao tipo de actividades, algunhas son de reforzo e repaso e outras de ampliación. Non sen contemplan actividades de recuperación porque todo o grupo ten aprobada a materia nos dous primeiros trimestres. Valorarase cada unha cunha rúbrica que poden consultar desde o momento no que aparecen as instrucións da tarefa. As actividades comprenden lecturas comprensivas, visualización de vídeos, prácticas musicais e coreográficas, etc.

## **INVESTIGACIÓN E TRATAMENTO DA INFORMACIÓN**

### **(1ºESO)**

#### **1. Estándares de aprendizaxe imprescindibles.**

A continuación aparecen os estándares que ían tratarse nesta avaliación, indicados con (I) aqueles que son imprescindibles.

- Utiliza a biblioteca do seu centro para cubrir necesidades de lectura e de información.
- Utiliza a biblioteca do centro na procura de recursos informativos para os seus traballos individuais e grupais.
- Utiliza outros tipos de biblioteca aos que pode ter acceso no seu contorno máis próximo.
- Diferencia os documentos informativos en función do seu contido(I)
- Acode ás fontes orais de referencia no seu contorno máis próximo para determinadas necesidades informativas.
- Accede de forma autónoma a contidos audiovisuais, presenciais ou virtuais(I)
- Distingue as ideas principais das secundarias nos documentos consultados(I)
- Recupera de forma eficaz contido informativo dos recursos dixitais(I)
- Identifica e respecta a autoría de textos ou imaxes.(I)
- Usa internet de xeito autónomo para resolver necesidades de información.(I)



- Utiliza internet valorando as características deste medio en relación a aspectos como a permanencia, a fiabilidade, a veracidade, a organización, a selección, a gratuidade, a dispoñibilidade, a autoría, etc.
- Utiliza palabras clave e aplica estratexias eficaces de procura para localizar información na web.(I)
- Emprega prensa e revistas dixitais como fonte informativa(I)
- Intervén nas redes sociais creadas no seu centro respectando as finalidades para as que foron creadas: educativa, participativa, etc.(I)
- Navega por internet con seguridade preservando a súa identidade e a súa privacidade.(I)
- Compara a información recollida en distintas fontes informativas na rede.(I)
- Contrasta a información recollida na rede con outras fontes orais ou impresas.(I)
- Escoita aos integrantes do grupo, garda a quenda de palabra, argumenta as súas opinións e respecta as opinións das outras persoas.
- Contribúe á distribución das tarefas e responsabilízase coas que corresponden.
- Identifica o tipo de información que precisa en función duns obxectivos.(I)
- Localiza os recursos dispoñibles e acordes á súa necesidade informativa.(I)
- Escolle os recursos informativos que precisa de forma eficaz(I).
- Comprende e analiza textos continuos e descontínuos, e sabe extraer as ideas principais(I)
- Realiza esquemas, mapas conceptuais, guións, etc, para organizar a información recuperada.
- Representa mediante gráficos, diagramas, cadros de dobre entrada, organigramas, etc., parte da información recuperada.
- Compila as fontes consultadas e citaas correctamente(I)
- Presenta os seus traballos segundo unhas pautas consensuadas: paxinación, índice, bibliografía, etc.
- Elabora textos propios mediante un procesador de textos.(I)
- Elabora material de apoio para as súas presentacións orais.
- Realiza sinxelas presentacións para amosar o resultado dos seus traballos de investigación(I).
- Cita con corrección os libros consultados.
- Segue unha pauta para facer a referencia de artigos de revistas, música, películas, páxinas de internet, autoría de imaxes, etc.(I)
- Incorpora imaxes aos seus traballos de investigación(I)
- Respecta unhas pautas mínimas na produción de textos dixitais.(I)
- Participa na presentación oral dos traballos elaborados.

- Defende con argumentos as opinións propias e respecta o traballo alleo.
- Escoita con atención as presentacións dos compañeiros e das compañeiras, e valora con argumentos o seu traballo.
- Avalía, a través dos instrumentos que se lle ofrecen, a súa participación no proceso dun traballo de investigación, individual ou grupal.(I)
- Identifica e valora as aprendizaxes realizadas(I)
- Valora con criterio e respecto o traballo das outras persoas.
- Incorpora as aprendizaxes realizadas a novos procedementos de traballo e de relación no medio escolar e social.(I)

## **2. Criterios de avaliación e cualificación**

A cualificación final terá en conta principalmente os resultados da 1ª e 2ª avaliación; a 3ª avaliación terá unha cualificación orientativa acorde aos estándares de aprendizaxe imprescindibles, por mor da situación excepcional na que atopámonos a partir do 16 de marzo. Mantense aqueles estándares imprescindibles que puideron abordarse neste período e non tiveron cabida nas anteriores avaliacións. A cualificación da 3ª terá certa incidencia na nota final (cualificación entre 5-6, subiría 0,5 na nota final, entre 6,5-7,5 , un punto e entre 8-10, dous puntos) soamente nos casos nos que non prexudique ao alumnado que tivo problemas para acceder ao aula virtual durante o derradeiro trimestre.

O traballo do alumnado cualifícase mediante varios instrumentos: rúbricas( traballos escritos e de creación), observación da entrada e participación na materia mediante os informes de rexistro, participación nos foros e contacto coa profesora a través de mensaxería, cuestionarios da plataforma onde poden autocualificarse e resultados obtidos na autoavaliación e nos xogos de comprensión creados na web Quizizz.

Desta materia hai un alumno pendente en 2º ESO; habilitouse un aula de pendentes en Edixgal, comunicóuselle de que maneira ía ser a recuperación a través da titora e mediante mensaxería en Edixgal e foi creado un punto de entrega para o traballo escrito que solicitamos.

### **3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre**

Dado que 1º ESO é un curso Edixgal, o seguimento da materia realizarase durante o 3º trimestre a través da aula que usabamos normalmente para as clases ao longo do curso. Hábilitouse un espazo ben diferenciado para as derradeiras semanas da 2ª avaliación e toda a 3ª no que nos días de clase( un día a semana) se presenta a información da tarefa que deben realizar nese período( sempre que sexa posible segundo as súas circunstancias), dando conta das instrucións, a forma de cualificación( xeralmente unha rúbrica) e o modo e prazo de entrega. Cada avaliación contan cun foro onde expor ás súas dúbidas e mensaxería da aula e gmail para casos excepcionais.

En canto ao tipo de actividades, algunhas son de reforzo e repaso, outras de recuperación e outras de ampliación. No caso excepcional do alumnado que non poda acceder por falta de conexión na casa, as tarefas poderanse enviar por email cun prazo de entrega mais amplo. Cabe destacar que no programa Edixgal, xa había alumnado que levaba o netbook para casa desde principios de curso.

## **IDENTIDADE DIXITAL (2ºESO)**

### **1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**

A continuación aparecen os estándares que ían tratarse nesta avaliación, indicados con (I) aqueles que son imprescindibles. Tamén algún recollido da 2ª avaliación que é pertinente.

- Localiza e recupera información relevante e veraz sobre algún interese propio e destaca as diferentes estratexias de busca utilizadas(I)
- Interpreta e analiza a mesma información en fontes diferentes(I)
- Selecciona unha petición de carácter cívico dunha plataforma pública ou un proxecto de creación e elabora algunha proposta de contribución simple á súa difusión.
- Exemplifica sobre os perigos que encerra o fenómeno da socialización global á marxe dos valores éticos universais e dialoga na procura de solucións(I)
- Crea e comparte coñecemento na rede sobre algunha habilidade, experiencia, competencia, coñecemento, calidade propia e comunícaa a través de diferentes soportes(I)

- Reflexiona sobre os momentos en que a tecnoloxía non debe estar presente en accións da vida cotiá e expón as conclusións a través de micronarrativas (memes, gifs, vines...).
- É consciente dos dereitos de terceiros no momento de compartir datos na rede(I)
- Pon de manifesto a necesidade de protexer os datos mediante políticas de privacidade e contrasinais seguros(I)
- Aplica técnicas de protección da privacidade en prácticas reais ou ficticias na rede(I)
- Describe en que consisten os delitos informáticos máis habituais e clasifícaos atendendo á súa gravidade(I)
- Coñece, discute e aplica prácticas de protección ante os diferentes riscos na rede: ameazas á súa reputación, informacións falsas, publicacións que exceden a liberdade de información ou suplantacións de identidade (incorporado da 2ª AVALIACIÓN).
- Visita e familiarízase coa información ao cidadán que ofrece a web da AEPD(I)

## **2. Criterios de avaliación e cualificación.**

A cualificación final terá en conta principalmente os resultados da 1ª e 2ª avaliación; a 3ª avaliación terá unha cualificación orientativa acorde aos estándares de aprendizaxe imprescindibles, por mor da situación excepcional na que atopámonos a partir do 16 de marzo. Mantense aqueles estándares imprescindibles que puideron abordarse neste período e non tiveron cabida nas anteriores avaliacións. A cualificación da 3ª terá certa incidencia na nota final (cualificación entre 5-6, subiría 0,5 na nota final, entre 6,5-7,5 , un punto e entre 8-10, dous puntos) soamente nos casos nos que non prexudique ao alumnado que tivo problemas para acceder ao aula virtual durante o derradeiro trimestre.

O traballo do alumnado cualifícase mediante varios instrumentos:

- rúbricas( traballos escritos e de creación)
- observación da participación na materia mediante os informes de rexistro de Edixgal
- participación nos foros e contacto coa profesora a través de mensaxería
- resultados dos cuestionarios de Edixgal e nos xogos da web Quizizz.
- Aportacións ao blogue de aula.

### **3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre**

Dado que 2º ESO é un curso Edixgal, o seguemento da materia realizarase durante o 3º trimestre a través da aula que usabamos normalmente para as clases ao longo do curso. Hábilitouse un espazo ben diferenciado para as derradeiras semanas da 2ª avaliación e toda a 3ª no que nos días de clase( un día a semana) se presenta a información da tarefa que deben realizar nese período( sempre que sexa posible segundo as súas circunstancias), dando conta das instrucións, a forma de cualificación e o modo e prazo de entrega. Cada avaliación contan cun foro onde expor ás súas dúbidas e mensaxería da aula e gmail para os casos excepcionais.

En canto ao tipo de actividades, algunhas son de reforzo e repaso, outras de recuperación e outras de ampliación. No caso excepcional do alumnado que non poda acceder por falta de conexión na casa, as tarefas poderanse enviar por email cun prazo de entrega mais amplo. Cabe destacar que no programa Edixgal, xa había alumnado que levaba o netbook para casa desde principios de curso.

Para aqueles alumnos que teñen pendente a recuperación da materia da 1ª e/ou 2ª avaliación considerase como aprobadas cando o traballo escrito pedido está posto ao día.

## **INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**

Desde o comezo do confinamento a Dirección publicou na web do centro a canle de seguimento da actividade escolar nos distintos niveis e materias e indagou para saber que alumnado podía ter problemas por falta de equipamento ou de conexión. Neste caso, fornecéronse portátiles e conexións procedentes do propio centro, da Consellería e tamén do concello de O Porriño. En consecuencia, a metodoloxía que se desenvolve contempla sempre a conectividade do noso alumnado.

Ao longo destes días, o equipo docente do IES Pino Manso mantén unha comunicación fluída entre os seus integrantes a través do correo corporativo e telefónicamente para realizar un seguimento, tanto por parte dos titores como do profesorado en xeral, do quefacer do noso alumnado.

A comunicación coas familias realizase a través da plataforma Abalar, a través dos titores e puntualmente, mediante o correo. Damoslles información con certa perioricidade das tarefas dos seus fillos e fillas e notificamos especialmente cando percibimos certa desconexión coa actividade lectiva.

Co alumnado, a comunicación establécese a través da mensaxería, foros e chats na propia plataforma Edixgal( grupos de 1º e 2º ESO), da mensaxería e os foros da aula Moodle( 3º, 4º e 1º Bacharelato), mediante videochamadas en Cisco Webex(1º Bacharelato) e excepcionalmente, mediante o correo convencional.

Departamento de Música  
Mª Teresa Saiz Vega  
Patricia Peña Perojo